

Vontade de crear

Baixo estas liñas atoparemos a obra dunha pintora que quixo construí-lo seu propio mundo, cuns iconos e productos que retratarán unha emoción e terminan presentando un espacio, máis ou menos atemporal. A súa obra expón nun escenario unha fusión de composicións construídas e dun afán por seguir mudando, sempre inqueda, sempre contestataria. A súa produción semella unha conversa entre nai e filla, confianza e seguridade, pero verdade e complexidade, e que sempre é entusiasmo.

Montse Gutiérrez sempre apostou pola pintura, pola seguridade de poder crear na bidimensionalidade, de establecerse na acotación da parede, todo nun momento de novo rexurdimento e nova afirmación, despois das loitas postconceptuais dos noventa; as súas pinturas xogan nunha ambigüidade entre a presentación e a representación, porque todo quere ser e non ser, íllase da narración, escravizando os resultados a uns mínimos compoñentes, arriscando cuns productos que busca, simplemente resultan, desembocan.

Despois da estrutura ven a composición, a construción en positivo; Montse Gutiérrez compón, manipula xeometrías e realidades en disposicións aleatorias; unha sorte de abstracción hermética, de distintas interaccións de elementos que xiran en torno a un fondo que reivindica o seu protagonismo, uns fondos voluntariamente descoidados, informais pero cargados de lirismo, resultado dunha técnica depurada. O meticuloso traballo do constructor actuando nos seus collages de vida.

Traballa rapidamente, gústalle ir mudando mentalidades, ideas; o seu lenzo encárgase de recoller, como si se tratase dunha rede, tódalas reflexións, sen as deixar escapar. Porque as paisaxes-memorias de Montse Gutiérrez poden lerse-mirarse como si se tratasen dunha novela didáctica de viaxes.

Algo enlaza, ata, as obras de Montse Gutiérrez, a vontade, a inquedanza de sentirse activa.

José Manuel Lens